

BASES DA CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN DUN LOCUTOR DE RADIO

Primeira. Normas xerais

O obxecto da convocatoria é a contratación dun locutor/a de Radio mediante contrato a media xornada, para realizar funcións de locutor de radio do grupo profesional 3. Técnicos, realización de control ou autocontrol, realización de cuñas publicitarias, e outras relacionadas co posto de locutor de Radio, que se designen dende a Dirección da emisora municipal.

Segunda.- Condicións

Establecerase un período de probas de dous meses.

A xornada de traballo será a media xornada, de 20 horas efectivas semanais.

Desenvolveranse as funcións propias do posto de locutor de radio.

As condicións do posto de traballo serán as establecidas no Convenio colectivo estatal do sector de radiofusión comercial sonora.

Terceira. Condicións de admisión das persoas aspirantes

Os aspirantes estarán en disposición de cumprir os seguintes requisitos antes do remate do prazo de presentación de instancias:

- Ser cidadán comunitario.
- Maior de 18 anos.
- Estudos mínimos esixidos: Bacharelato, F.P.2 ou equivalente.
- Estar en posesión do título de: CELGA 4 ou equivalente.
- Non padecer limitación física ou psíquico que impide o desempeño das funcións do posto de traballo.
- Non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Posuír o título exixido ou equivalente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.
- Posuír experiencia laboral no posto de traballo.

Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán presentar nas oficinas administrativas da Fundación Cultural da Estrada sitas en Avenida Benito Vigo 94, baixo 36680 A Estrada Pontevedra, a instancia que se recolle no Anexo I destas bases, dirixida ao presidente da Fundación.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia do DNI.
- b) Declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
- c) Copia do título esixido.
- d) Orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso de méritos.
- e) Currículo actualizado acompañado dos xustificantes de méritos (diplomas, documentos acreditativos ,..) relacionados co posto de traballo a desenvolver.
- f) Vida Laboral actualizada.
- g) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, e a Orde do 10 de febreiro de 2014 que modifica a anterior, polas que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de lingua galega no caso de posuíla, e aos efectos de quedar exentos/as da realización da proba de galego.
- h) Anexo II
- i) Anexo III

2. Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á convocatoria . Así mesmo, poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

3. O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral da Fundación Cultural da Estrada Avda Benito Vigo 94 baixo 36680 A Estrada Pontevedra, será de DEZ (10) DÍAS hábiles contados desde o seguinte á publicación da oferta na oficina de emprego e publicación na páxina web <https://www.emplego.aestrada.gal/> e no taboleiro da páxina web da Fundación Cultural da Estrada <https://fundacioncultural.aestrada.gal/taboleiro/>.

4. No caso de que a solicitude non se presente no rexistro da Fundación Cultural da Estrada deberá enviarse un correo electrónico ao enderezo fundacioncultural@aestrada.gal dentro do prazo de presentación de solicitudes, xuntando o documento acreditativo da súa presentación na oficina da rede pública de Correos correspondente.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas antes de ser certificadas.

Quinta.-Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios da Fundación cultural <https://fundacioncultural.aestrada.gal/taboleiro/>.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emplacements aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal calificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios da Fundación Cultural, medio exclusivo de notificación aos interesados.

Sexta. Admisión de aspirantes

Unha vez rematado o prazo dos 10 días hábiles fixado para a presentación de instancias a Fundación ditará Resolución , contendo: A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos con expresión dos motivos da exclusión.

Dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da páxina web. A citada resolución procederá a conceder un prazo de 3 días hábiles para que os interesados que o consideren oportuno procedan a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos.

No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva e publicarase a designación do tribunal calificador e o lugar e data da realización da fase concurso.

En todo caso deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da primeira proba e a realización da mesma.

No caso de que se presentasen alegacións ou subsanacións contra a resolución de aprobación da lista provisional, procederase a ditar nova resolución que aprobe a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios da web.

Sétima. Tribunal calificador

O tribunal calificador será designado polo órgano da Fundación competente e estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais.

Todos os membros do tribunal deberán ser persoal da fundación que posúan unha titulación igual ou superior á requirida no posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do tribunal, aos efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade, polo menos, dos seus membros titulares, e obrigatoriamente do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

O tribunal resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

O tribunal calificador será competente para resolver e interpretar as incidencias, controversias e reclamacións que se produzan.

As persoas membros do tribunal deberán absterse cando concorran causas de abstención establecidas na Lei 40/2015

Oitava. Procedemento de selección.

O procedemento de selección constará de dúas fases: fase de CONCURSO e unha fase OPOSICIÓN, previa á de concurso e onde a fase oposición será eliminatoria.

Fase Oposición

A puntuación máxima a obter nesta fase é de 6 puntos.

- a) Exercicio de carácter práctico máx. 4 puntos

A Comisión de selección convocará aos/as aspirantes á praza ofertada para a realización dunha proba práctica que poderá ser en estudo, directamente relacionada co traballo a desenvolver. Esta proba valorarase cun máximo de 4 puntos.

- b) Entrevista persoal. máx 2 puntos efectuarase mediante preguntas formuladas pola Comisión de Selección en relación co perfil do candidato e o posto de traballo a desempeñar, sendo a puntuación máxima a obter nesta fase a de 2 puntos. A Entrevista persoal poderá incluír preguntas de carácter curricular.

Fase concurso

A puntuación máxima a obter nesta fase é de 4 puntos.

Valoración de méritos: formación e experiencia profesional.

Cualificarase en función dos seguintes criterios establecidos a continuación:

- a) Por cada mes de experiencia en emisoras de radio 0,10 puntos, cun máximo de 2,5 puntos.
- b) A posesión de titulación académica oficial, superior á esixida, relacionada co posto de traballo 0,5 punto, cun máximo de 0,5 puntos.
- c) Cursos de formación, perfeccionamento ou asistencia a seminarios que garden relación directa coas funcións do posto ofertado, cun máximo de 1 punto co seguinte baremo:
 - Por cada curso ou seminario entre 20 e 74 horas 0,05 puntos.
 - Por cada curso ou seminario superior a 75 horas 0,10 puntos.

PROBA DE GALEGO.- o resto de persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (CELGA 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentas de realizar a proba específica as persoas aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio en lingua galega. As restantes persoas aspirantes terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptas.

Novena.-Comezo e desenvolvemento das probas selectivas

1. Unha resolución da Fundación determinará a data e a hora de realización do primeiro exercicio. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural.
2. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun chamamento único. As persoas opositoras que non se presenten aos exercicios perderán os seus dereitos, agás nos casos debidamente xustificadas, que o tribunal terá que resolver de xeito motivado.
3. As persoas aspirantes deberán presentar para realizar cada exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a realización das probas.

O tribunal poderalles requirir ás persoas opositoras que acrediten a súa identidade en calquera momento.

Décima. Cualificación final

A cualificación definitiva da oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición máis a de fase de concurso.

Finalizado o proceso selectivo o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios na web da Fundación, a relación definitiva dos aspirantes aprobados pola orde da puntuación obtida.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio obrigatorio e se isto non fora suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

No caso de que a persoa proposta para a contratación renuncie ao posto, non formalice a súa incorporación nos prazos establecidos, ou cause baixa voluntaria durante o período inicial de prestación do servizo, a Fundación Cultural da Estrada procederá a nomear á seguinte persoa aspirante pola orde de puntuación da relación definitiva, co fin de formalizar a contratación nas mesmas condicións previstas na convocatoria.

ANEXO I- INSTANCIA

NOME E APELIDOS	
NIF/NIE	
ENDEREZO(rúa, numero, piso código postal, localidade e provincia)	
TELEFONO DE CONTACTO	
ENDEREZO ELECTRONICO	

De conformidade coas bases da convocatoria para cubrir un posto a media xornada de locutor de radio.

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
 2ª.- Solicito ser admitido/a ao referido proceso, e comprométome ao sometemento das bases que o regulan.
 3ª.- Que desexo que o texto dos exames se realice en (marcar cunha X):

Galego
Castelán

MARCAR CUN X	DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA
	Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade.
	Copia do carné de conducir.
	No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.
	<u>Anexo II.</u> Relación de <u>méritos</u> que alega e documentación xustificativa de cada un deles.
	<u>Anexo III.</u> Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade



De conformidade co disposto no Regulamento Europeo de Protección de Datos, infórmase:

1. Que os seus datos persoais serán tratados única e exclusivamente para este proceso de selección.
2. Que o destinatario dos seus datos persoais é o Fundación Cultural da Estrada.
3. Que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Fundación Cultural da Estrada.
4. Que o responsable do tratamento é o Fundación Cultural da Estrada.

A Estrada, de de 202



De conformidade coas Bases da convocatoria para cubrir un posto a media xornada de locutor de radio, achego a relación de méritos para a súa valoración na fase de concurso.

NOME E APELIDOS	
NIF/NIE	

8

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN MOTIVOS DE INCOMPATIBILIDADE

NOME E APELIDOS	
NIF/NIE	
ENDEREZO(rúa, numero, piso código postal, localidade e provincia)	
TELEFONO DE CONTACTO	
ENDEREZO ELECTRONICO	

De conformidade coas Bases da convocatoria cubrir un posto a media xornada de locutor de radio.

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

A Estrada,de.....202

Asdo: